

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A ASOCIACIÓN CLÚSTER EMPRESARIAL DE TURISMO DE GALICIA (CTG) PARA A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN DE GALICIA COMO DESTINO TURÍSTICO.

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Por unha banda, D. Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura e Turismo, en representación da Axencia Turismo de Galicia, en calidade de presidente, segundo se establece na Disposición adicional primeira do Decreto 106/2018, do 4 de outubro (DOG núm. 191, do 5 de outubro), e de conformidade coa atribución do artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

Doutra parte, D. Cesáreo González Pardal, en calidade de Presidente da Asociación Clúster Empresarial de Turismo de Galicia (en adiante, CTG), con NIF G70377338, e domicilio a efectos de notificacións no Espazo Coworking: Emprende Cultura Gaiás. Cidade da Cultura de Galicia. 15707 Santiago de Compostela, A Coruña, elixido para o devandito cargo por elección realizada no seo da Asemblea Xeral Extraordinaria do CTG do 1 de outubro de 2018, e actuando en virtude das facultades que lle outorga o artigo 19 dos estatutos da entidade.

Interven en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas e,

EXPOÑEN

- I.** Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.



- II. O Consello da Xunta, na súa reunión do 23 de marzo de 2017 aprobou o **Plan Estratéxico do Turismo de Galicia 2020**, no que se recolle como liña estratéxica 9: Comercialización, sinalando que Galicia dispón de numerosos recursos que constitúen a base dunha oferta turística variada e diferencial, se ben aínda persisten certas dificultades na transformación deses recursos en produtos turísticos, polo que se precisa o fortalecemento do sector receptivo. A estratexia proposta debe permitir articular unha oferta multiexperiencial e adaptada aos diferentes segmentos de mercado e para todas as idades.

Nesta liña estratéxica establécense como obxectivos estratéxicos, entre outros, o impulso dun sistema de comercialización e a excelencia na promoción turística.

- III. Por outra banda, a Xunta de Galicia aprobou o 24 de setembro de 2015, o **Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia, 2015-2021**. Este Plan preséntase co firme obxectivo de protexer e preservar a Ruta Xacobeana, en todas as súas vertentes, para garantir a pervivencia da súa identidade e a posta en valor do seu patrimonio cultural e natural; responder ás necesidades do peregrino do S.XXI, ofrecendo unha excelente hospitalidade na acollida e favorecendo unha experiencia de calidade durante toda a súa peregrinación; fomentar a cohesión social e o equilibrio territorial, e seguir constituíndo a identidade universal de Galicia e de Europa.
- IV. Así mesmo, o plan estratéxico centra a contribución do Camiño ao fortalecemento da unidade da marca de Galicia en tres piares fundamentais: a experiencia do peregrino, garantindo a experiencia da peregrinaxe nun contexto en que a seguridade e a excelente atención recibida será prioritaria ao longo de toda a viaxe; a transcendencia do propio Camiño logrando o mantemento, a protección e a difusión así como un desenvolvemento sustentable, social, económico e ambiental para garantir a continuidade dos seus valores no tempo; e o Camiño como eixo estratéxico e vertebrador da unidade da marca Galicia, constituíndose como un embaixador de Galicia e dando apoio á proxección internacional e nacional das empresas e da cultura galega.
- V. Que a asociación sen ánimo de lucro CTG, constituída o 20 de xuño de 2013, é a **única entidade en Galicia que agrupa e representa a toda a cadea de valor do sector**



turístico de Galicia, cuxa finalidade é a representación, defensa e difusión dos intereses comúns dos seus membros, o fomento das actividades principais ou nucleares da cadea de valor do turismo (actividades de apoio, actividades centradas no subministro e actividades centradas no equipamento) así como o incremento da competitividade do sector turístico para o cal realizará cantas accións estime necesarias, promovendo e impulsando a interacción dos distintos axentes co fin de dinamizar e fomentar as relacións entre eles, proporcionando unha plataforma de encontro axeitada para poder cumprilo reto de desenvolver o sector do turismo en Galicia.

- VI.** Que a Axencia Turismo de Galicia, para fomentar a colaboración público privada na consecución destes fins comúns, considera conveniente convir co CTG, a través deste convenio de colaboración polo que se instrumenta a concesión directa dunha subvención ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, concorrendo razóns de interese público para o outorgamento da subvención, posto que se recollen no seu obxecto actividades dirixidas á promoción e fomento da comercialización de Galicia como destino turístico, contribuíndo á potenciación do turismo como factor de crecemento económico. Así mesmo, polas razóns expostas no expoñendo anterior, ao ser o Clúster a única entidade en Galicia de tal natureza, que aglutina a toda a cadea de valor do turismo da nosa Comunidade autónoma, non procede a realización dunha convocatoria pública, para os efectos do devandito artigo 26.2.a).

En consecuencia e, dado o interese coincidente da Axencia Turismo de Galicia e do CTG, as partes acordan asinar este convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO E FIN

1. O obxecto do presente convenio é o outorgamento dunha subvención directa para sufragar os gastos derivados das actividades dirixidas á promoción e o fomento da comercialización



de Galicia como destino turístico, e en especial dos seus produtos cabeceira de marca, mediante a colaboración co CTG na implantación de actuacións concretas nesta liña.

2. As liñas de colaboración entre a **Axencia Turismo de Galicia** e o **Clúster de Turismo de Galicia** para a dar cumprimento ao obxecto deste convenio son as seguintes:

- a) Campañas de publicidade e plans de promoción exterior que incluírán a definición e seguimento do mercado ou mercados obxectivos, e as accións a levar a cabo en cada mercado (viaxes de familiarización, fam trips, press trips, workshops, etc.), que busquen un reforzamento da marca turística de Galicia.
- b) Proxectos de marketing on-line, dirixidos a explotar o potencial das novas tecnoloxías para o marketing turístico, especialmente a capacidade de Internet como ferramenta de información, promoción e comercialización.
- c) Actuacións encamiñadas á definición, creación e/ou mellora da comercialización dos produtos turísticos de Galicia, especialmente as que incidan na tempada baixa (outubro a abril).
- d) Publicacións e material promocional de apoio específico á promoción e difusión dos recursos turísticos, incluíndo insercións publicitarias e elaboración de folletos, trípticos, catálogos e demais material promocional, tanto impreso como audiovisual, con especial consideración a aqueles que sexan realizados, polo menos nun idioma estranxeiro.
- e) Organización e participación en feiras, congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter turístico.
- f) Outras actuacións que estean vinculadas a mellora do posicionamento da marca Galicia como destino turístico, a promoción do mesmo, a conformación de produtos ou a mellora da comercialización.

3. Complementariamente, o obxecto do convenio **permitirá a implementación e desenvolvemento da Estratexia do Turismo de Galicia 2020**, en base á liña estratéxica L.E.9. **COMERCIALIZACIÓN**, concretamente nos obxectivos estratéxicos:

9.1. Impulso dun sistema de comercialización

9.3. Diferenciación baseada nos recursos endóxeos



9.5. Excelencia na promoción turística

4. Así mesmo, o obxecto do convenio permitirá a implementación e desenvolvemento do Plan Estratéxico do Camiño de Santiago en Galicia, 2015-2021, en base a seguinte liña estratéxica “FOMENTAR A INVESTIGACIÓN, A COMUNICACIÓN E A DIVULGACIÓN DO CAMIÑO E A CULTURA XACOBEO, ADEMAIS DE DAR APOIO AO SMART CAMIÑO”.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO.

1. O orzamento estimado para o desenvolvemento das actuacións obxecto deste convenio ascende a un millón e medio de euros (**1.500.000,00 euros, IVE incluído**), que se distribúen en tres anualidades de acordo co seguinte cadro:

	2.019	2.020	2.021
1. COORDINACIÓN E EXECUCIÓN DE ACCIÓNS DE FORTALECIMENTO DOS PROCESOS DE INTERMEDIACIÓN E COMERCIALIZACIÓN	94.000 €	94.000 €	94.000 €
Accións de comunicación para a mellora da comercialización e promoción do sector privado turístico de Galicia	42.600 €	42.600 €	42.600 €
Accións de comunicación en mercados de proximidade para o sector privado e as empresas turísticas galegas	21.600 €	21.600 €	21.600 €
Accións en prensa dixital para as empresas do sector turístico, como a campaña Presume de Galicia e outros	21.000 €	21.000 €	21.000 €
Mecanismos para a mellora da comercialización e promoción das empresas turísticas galegas	10.000 €	10.000 €	10.000 €
Mecanismos para a mellora da comercialización e promoción das empresas turísticas galegas	10.000 €	10.000 €	10.000 €
Publicacións e materiais de promoción de apoio específico á promoción e difusión de produtos turísticos e de empresas do sector turístico galego	32.000 €	32.000 €	32.000 €
Elaboración de material publicitario para a promoción de produtos turísticos comercializables ou accións en colaboración con entidades privadas do sector turístico	16.000 €	16.000 €	16.000 €
Deseño e elaboración de material de promoción do Clúster de Turismo de Galicia e de iniciativas desenvolvidas por esta entidade	16.000 €	16.000 €	16.000 €
Coordinación e dirección das diversas iniciativas vinculadas ao fortalecemento dos procesos de intermediación e comercialización	9.400 €	9.400 €	9.400 €



2- PROMOCIÓN PARA O IMPULSO DO TURISMO NACIONAL E DE PROXIMIDADE	141.000 €	141.000 €	141.000 €
Organización e Participación en Feiras, Congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter nacional	76.000 €	76.000 €	76.000 €
Presencia do Cluster de Turismo de Galicia en FITUR	21.000 €	21.000 €	21.000 €
Presencia do Clúster en outras feiras de carácter nacional: TUREXPO, IBTM Barcelona, Madrid Golf, Intur Rural...	7.000 €	7.000 €	7.000 €
Coordinación e participación en eventos de promoción do sector turístico e outras iniciativas de colaboración para a posta en valor da importancia do turismo	32.000 €	32.000 €	32.000 €
Organización de Encontros de Clúster de Turismo e xornadas técnicas	16.000 €	16.000 €	16.000 €
Accións de promoción e mellora do coñecemento da oferta de produto turístico comercializable	50.900 €	50.900 €	50.900 €
Organización de encontros en Galicia con participantes de carácter nacional que faciliten a comercialización da oferta e dos produtos turísticos das empresas galegas	15.900 €	15.900 €	15.900 €
Realización de workshops en cidades de proximidade orientados a mellora da comercialización da oferta turística galega	35.000 €	35.000 €	35.000 €
Coordinación e dirección das diversas iniciativas vinculadas a promoción para o impulso do turismo nacional e de proximidade	14.100 €	14.100 €	14.100 €
3. PROMOCIÓN PARA O IMPULSO DO TURISMO INTERNACIONAL	159.000 €	159.000 €	159.000 €
Organización e Participación en Feiras, Congresos, exposicións, xornadas técnicas, encontros e seminarios de carácter internacional	93.000 €	93.000 €	93.000 €
Presencia do Clúster de Turismo de Galicia na Feira ITB Berlín	43.000 €	43.000 €	43.000 €
Presencia do Clúster de Turismo de Galicia na Feira Internacional World Travel Market London	43.000 €	43.000 €	43.000 €
Presencia do Clúster de Turismo de Galicia noutras feiras de carácter internacional: Imex Frankfurt, Thermalies, Salón Nautico de París...	7.000 €	7.000 €	7.000 €
Accións de promoción e mellora do coñecemento da oferta de produto turístico comercializable	50.100 €	50.100 €	50.100 €
Organización de encontros en Galicia con participantes de carácter internacional que faciliten a comercialización da oferta e dos produtos turísticos das empresas galegas	15.100 €	15.100 €	15.100 €
Realización de encontros en destino con operadores privados especializados orientados a mellora da comercialización da oferta turística galega	35.000 €	35.000 €	35.000 €



Coordinación e dirección das diversas iniciativas vinculadas a promoción para o impulso do turismo internacional	15.900 €	15.900 €	15.900 €
4. CREACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO	106.000 €	106.000 €	106.000 €
Definición, creación y/o comercialización de produtos turísticos, vinculados a las acciones de la 9.3.1 a 9.3.10 de la Estratexia de Turismo de Galicia 2020	58.400 €	58.400 €	58.400 €
Definición, creación y/o comercialización de producto turístico cabecera de marca, vinculado a la acción 9.3.1 de la Estratexia de Turismo de Galicia 2020 (Camino de Santiago, bosques de Galicia, manantiales de Galicia, paseando entre viñedos, turismo mariñeiro, faros y playas salvajes, santuarios mágicos, patrimonio oculto, camelias de Galicia y top 10)	22.400 €	22.400 €	22.400 €
Definición, creación y/o comercialización de otros productos turísticos, vinculados a las acciones de la 9.3.2 a 9.3.10 de la Estratexia de Turismo de Galicia 2020 (turismo cultural, turismo de playa y costa, turismo náutico, turismo interior y rural, turismo MICE, turismo urbano, turismo de salud y termal, turismo activo y turismo de golf)	36.000 €	36.000 €	36.000 €
Definición, creación y/o comercialización de productos turísticos emergentes o enfocados a públicos objetivo (senior, milenials, turismo familiar...), vinculados a las acciones 9.3.11 y 9.3.12 de la Estratexia de Turismo de Galicia 2020	37.000 €	37.000 €	37.000 €
Coordinación e dirección das diversas iniciativas vinculadas a creación de produto turístico	10.600 €	10.600 €	10.600 €
	500.000 €	500.000 €	500.000 €

As actuacións a realizar para as anualidades 2020 e 2021, en vista das realizadas na anualidade 2019, poderán ser concretadas, e no seu caso modificadas, pola comisión de seguimento e control establecida na cláusula novena deste convenio, sempre respectando o orzamento total establecido no cadro anterior para cada anualidade.

Os conceptos descritos neste cadro poderán sufrir variacións sempre que non se altere a contía total do convenio, que en todo caso terá carácter de máximo.

A Axencia Turismo de Galicia achegará a cantidade de 500.000 euros (IVE incluído), en cada unha das anualidades 2019, 2020 e 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 11.A2.761A.781.0 , proxecto 2015 00005 “Fomento do turismo”.



A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de actuacións obxecto do convenio, e **só cubrirá o custo de realización da actividade.**

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2019**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. O CTG quedará obrigado a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

O importe correspondente ao IVE só poderá ser imputado ao convenio na contía que non sexa recuperada ou compensada polo CTG, o cal deberá ser acreditado por este coa xustificación do convenio.



CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O CTG comprométese a realizar as seguintes actividades de conformidade co presente convenio:

- a. Desenvolver as actuacións recollidas nas cláusulas primeira e segunda deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.
- b. Incluír en toda a documentación e soportes que se realicen sobre as accións obxecto do convenio, que as mesmas contan coa colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia.
- c. Incluír a “Marca Galicia” nas accións de promoción obxecto de este convenio de colaboración. Nos folletos e outras publicacións deberán incluír na contraportada a marca turística. Seguindo as indicación do manual de uso. Para a aplicación correcta da marca deberán de descargar da páxina www.turgalicia.es/marca01s os arquivos informáticos cos elementos gráficos en calidade e formatos axeitados así como as condicións de uso. Así mesmo, deberá incluírse a marca Xacobeo 2021.
- d. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de e control do destino do investimento.
- e. Comunicar a Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, o conxunto das axudas non debe de superar o custe elixible.
- f. Presentar, antes da sinatura deste convenio, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade



co disposto nos artigos 11 e 13 do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

- g. Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.

- h. As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar co CTG para a mellor consecución dos fins comúns deste convenio, e procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor desa entidade, unha vez que esta achegue a documentación xustificativa establecida na cláusula sexta.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de Xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada.

SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DE FONDOS E PAGAMENTOS

Os gastos deberán realizarse e ser efectivamente pagados antes do **10 de decembro** de cada ano natural de vixencia do presente convenio, a saber, 2019, 2020 e 2021.

No mesmo prazo o CTG deberá presentar ante a Axencia Turismo de Galicia a solicitude de pago anual da parte comprometida por aquela e a xustificación que se efectuará segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do



Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que contera a seguinte documentación:

- a. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos obxectivos do presente convenio, con indicación das actividades realizadas.
- b. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, coa identificación do acreedor e do documento, o seu importe, data de emisión e, de ser o caso, data de pago. No caso de existir desviacións con respecto ao orzamento, indicaranse, e o seu motivo.
- c. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior.
- d. A documentación acreditativa do pago, mediante a presentación de transferencias bancarias, certificacións bancarias orixinais ou extractos de pagamento. Non se admitirán pagamentos en efectivo.
- e. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiaran a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia.
- f. No seu caso, os tres orzamentos previstos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g. No seu caso, a carta de pago de reintegro nos supostos de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

O CTG ademais deberá presentar:

-Unha declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.



- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a “Marca Turística de Galicia”, así como a marca Xacobeo 2021.
- Asemade deberá indicarse un número de conta para o ingreso dos fondos e xuntar unha declaración responsable da veracidade dos datos relativos á dita conta.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento estimado establecido na cláusula segunda.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas CTG deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e concordantes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

SÉTIMA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E PAGAMENTOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto



deste convenio realizadas nas diferentes anualidades por un importe máximo do 50% de cada anualidade, de conformidade co disposto no artigo 63.1.Dous do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. O importe conxunto dos pagos a conta e dos pagos anticipados que no seu caso se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

Para proceder ao seu pagamento, CTG deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Os pagos a conta e os pagos anticipados deberán estar garantidos de conformidade co establecido no artigo 67 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. A garantía deberá cubrir o 110% do importe das contías pagadas a conta ou das cantidades anticipadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 67.4 exímese ao CTG da obriga de constituír garantías.

OITAVA.-SUBCONTRATACIÓN

O CTG, como entidade executora das actuacións recollidas no presente convenio, co obxecto de garantir a adecuada execución das mesmas, comprométese a asumir a dirección das accións, debendo proceder en consecuencia, á asignación dos medios humanos e materiais que sexan necesarios e, no seu caso, á contratación de servizos necesarios para desenvolver as actuacións previstas no presente convenio, podendo subcontratar totalmente as actividades previstas, e asumindo expresamente o contido dos límites e obrigas establecidos no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



Os contratistas quedarán obrigados soamente ante CTG, que asumirá a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración. O CTG será o responsable de que na execución da actividade subvencionada concertada con terceiros se respecten os límites establecidos neste convenio en canto á natureza e contía dos gastos subvencionables e esixiranlles ás/aos contratistas os documentos acreditativos dos pagamentos correspondentes.

Os contratistas están obrigadas/os a facilitarlles aos organismos de auditoría e control toda a información necesaria relativa ás accións contratadas.

En ningún caso poderá concertar o beneficiario a execución total ou parcial das actividades subvencionadas con:

- a) Persoas ou entidades incursas nalgunha das prohibicións do artigo 10 da Lei 9/2007.
- b) Persoas ou entidades que percibisen outras subvencións para a realización da actividade obxecto de contratación.
- c) Intermediarios ou asesores nos que os pagamentos se definan como unha porcentaxe de custo total da operación, agás que o dito pagamento estea xustificado con referencia ao valor de mercado do traballo realizado ou dos servizos prestados.
- d) Persoas ou entidades vinculadas co beneficiario, agás que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado e que se obteña a previa autorización de órgano concedente nos termos que se fixen nestas bases reguladoras.

NOVENA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E CONTROL

Constituirase unha Comisión de Seguimento e Control do presente convenio, formada por tres representantes da Axencia Turismo de Galicia e tres do CTG, co obxecto de aprobar a relación de actuacións para cada trimestre a realizar con cargo a este convenio, realizar un seguimento do cumprimento do convenio e da súa execución.

Esta Comisión reunirase de xeito ordinario cada tres meses, e de xeito extraordinario cando o solicite algunha das partes.

A presidencia da Comisión será exercida pola directora da Axencia Turismo de Galicia, que terá voto de calidade.



A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

En relación á subvención concedida, a Axencia Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

DÉCIMA PRIMEIRA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO E AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio. A firma do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre os deberes específicos de información sobre convenios.

Do mesmo xeito, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.



Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO SEGUNDA.- RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa e queda fóra do ámbito de aplicación da Lexislación de Contratos das Administracións Públicas, segundo a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público de conformidade co disposto no apartado segundo do seu artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu Regulamento; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeneral de subvencións e o Real Decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e as demais normas en dereito administrativo aplicables ou, na súa falta, polas derivadas do dereito privado.

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cuestións litixiosas que puidesen suscitarse entre partes no desenvolvemento do presente convenio, dada a natureza administrativa deste.

DÉCIMO TERCEIRA.- MODIFICACIÓN E RESOLUCIÓN

1. Calquera modificación do presente acordo deberá realizarse por escrito e por acordo de ambas as partes.

Respecto da subvención concedida pola Axencia Turismo de Galicia, toda alteración das condicións tidas en conta para a súa concesión dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación as previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento de dita lei.



De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

2. Serán causas de resolución do convenio:

- O incumprimento do seu obxecto
- O incumprimento total ou parcial dalgunha das súas cláusulas
- O transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas
- O acordo unánime dos asinantes
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

DÉCIMA CUARTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.



DÉCIMO QUINTA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, e manterá a súa vixencia ata a completa organización e finalización das actividades e a liquidación das obrigas resultantes, rematando en todo caso o 31 de decembro de 2021.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Polo CTG

O presidente

O presidente

Román Rodríguez González

Cesáreo González Pardal

